



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA E XUNTA XERAL DE CONFRARÍAS E HERMANDADES DA SEMANA
SANTA DE FERROL PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Xunta Xeral de Confrarías e Hermandades da Semana Santa de Ferrol e ABANCA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ao 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol para o apoio á celebración da Semana Santa 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.





Segundo.- A Xunta Xeral de Confrarías e Hermandades da Semana Santa de Ferrol, é unha corporación pública colexiada, con personalidade xurídica propia que actúa como órgano de coordinación de todas as Irmandades e Confrarías de Semana Santa, e dentro da súa función xeral encamiñada ao cumprimento dos fins relixiosos e eclesiais, esta entidade ten entre os seus fins concretos o desenvolvemento das accións conducentes á celebración da Semana Santa.

Terceiro.- A Semana Santa de Ferrol é o conxunto de actos de conmemoración da Paixón de Cristo, esta festa foi declarada de interese turístico nacional no ano 1995 e de interese turístico internacional no ano 2014. Nesta celebración fúndense moitos séculos de historia e conta cunha gran participación popular.

Cuarto.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Quinto.- Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase á Xunta Xeral de Confrarías e Hermandades da Semana Santa de Ferrol unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos

